

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto núm. 78/2024 de 26.02.2024 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000004

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 26.02.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 29.02.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 23.01.2024, SESIÓN ORDINARIA DE 30.01.2024 E SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 07.02.2024

2. MOCIÓN DO BNG: APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DOS COLECTIVOS FEMINISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 8-M

3. MOCIÓN DO PSOE: EN PROL DA IGUALDADE REAL E EFECTIVA NO CONCELLO DE PONTEDEUME

4. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓ DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. EXECUCIÓN DO 3º E 4º TRIMESTRE DE 2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. DACIÓN DE CONTA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA TIPOS IMPOSITIVOS 2024

6. ASUNTOS DE URXENCIA

7. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

